



## **ORGANIZACIÓN DO CURSO 2020/21 DO EQUIPO DE INFANTIL**

### **Entradas e saídas:**

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas, polo cal evitar parar a falar con outras familias tanto no acceso ao colexio como fóra do recinto.

O éxito vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado.

Horarios de entrada e saída:

Entrada: 9:05h Saída: 14:05h

O horario de entrada no caso de irmáns o de familias con dous ou máis fillos matriculados no centro seguirán o horario estipulado para o irmán de maior idade. Para a saída, deberán seguir o horario correspondente.

4º Ed.I. (3 anos): Porta traseira.

5º (4 anos) e 6º Ed.I. (5 anos): Porta dianteira.

Soamente un membro familiar pode subir a traelos e a buscalos pero ten que acceder sempre polas escaleiras sen pararse nen cambiar o sentido da circulación e para baixar sempre o farán polo portal dos coches seguindo o camiño peonil. E **non poderán entrar no edificio escolar.**

### **Alumnado transportado:**

Horario de Entrada: 08:40h

Horario de Saída: 13:40h

### **Recreos**

De 11:10h a 11:40h. (Só Ed. Infantil).

Será no patio do colexio e poderán usar o areeiro por grupos(dividiremos o areeiro en dúas partes: por un lado, estarán os nenos e nenas de 3 anos e por outro lado, estarán os nenos e nenas de 4 e 5 anos). Non se usará nin o tobogán nin a casiña.

Os días que chova pouco, sairán ao patio cuberto da parte de atrás e os días de moita chuvia, cada curso quedará na súa aula.



### **Uso de máscaras**

Uso obrigatorio en todos os espazos comúns (patio, corredores...) e tamén será de **uso obrigatorio na aula**. O alumnado poderá descansar da máscara cada hora por recomendación sanitaria. Para iso, o profesorado diremos aos alumnos o momento no que poden retirar a máscara.

Traerán unha máscara de resposto nunha bolsa de plástico(tipo zip) e esta á súa vez, estará dentro dunha bolsa de tea.

A máscara que traian posta, deberá estar suxeita a un cordón ou cinta para podela colgar no pescozo.

### **Medidas de limpeza nas aulas de infantil**

-Ventilación das aulas antes da chegada do alumnado e durante a mañá.

-En cada aula, haberá un dispensador de xel para a desinfección de mans, un difusor para a limpeza e desinfección de utensilios e xoguetes e un desinfectante téxtil.

-Alfombra desinfectante na entrada.

-Ademais, os nenos e nenas de 5º e 6º de Ed. Infantil (4 e 5 anos) traerán unhas zapatillas para cambiar o seu calzado.

### **Uso do material**

Os alumn@s contarán con material de uso individual (ceras, rotuladores, punzóns...) e o material compartido por cada grupo de nen@s será debidamente desinfectado despois de cada uso.

### **Aniversarios**

Este ano, non se celebrarán os aniversarios traendo biscoitos nin ningún agasallo para repartir.

### **Comunicación coas familias**

- Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a web do colexio pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.

- Como sistema de mensaxería empregaremos abalarmóbil, é moi importante que todas as familias descarguen a aplicación para reducir as comunicacións alleas a esta canle.

-As titorias realizaranse a través de chamada telefónica ou videochamada e cando sexan presenciais faranse con todas as medidas de hixiene e seguridade e con cita previa.

En caso dun posible confinamento, as vías de comunicación serán as anteriores citadas e ademais o telegram e a aula virtual.



### **Celebración de eventos**

Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente.

Estas celebracións, poderanse celebrar pero a nivel de aula e sen mesturar os nen@s.

### **Material específico para a etapa de Ed. Infantil**

-Máscara de reposto dentro dunha bolsa de plástico (tipo zip) e esta á súa vez, dento dunha bolsa de tea. Tanto esta de reposto e a que traian posta, a poder ser, deberán vir con nome.

-Cinta ou cordón para a máscara que traian posta para colgala no pescozo.

- **Nen@s de 4 e 5 anos:** zapatillas para quedar na aula.

-Muda completa que quedará na aula (**toda a roupa con nome**): xersei, camiseta, camiseta interior, braga/calzoncillo,pantalón, calcetíns e zapatos/tenis.

-**NON traerán toalla pequena**, este ano usaremos panos de papel.

-Coxín pequeno cunha funda plástica co seu nome.

- Mochila lixeira na que colla a merenda e unha botella de auga co nome.